

**CONCELLO DE ALFOZ**

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

RESOLUCION DA ALCALDIA

Visto que en marzo de 2020 foron aprobados os Orzamentos municipais nos que se consignaba a cantidade de 600 euros para o outorgamento da concesión de subvencións de maneira directa figurando expresamente na Base 33 das de execución do orzamento a prevista para o AMPA CEIP Castrod e Ouro para o proxecto adquisición de libros e material escolar (Infantil) cunha consignación orzamentaria inicial de 600 euros. Posteriormente , foi tramitado expediente de modificación parcial da citada base de execución, para incrementar a cantidade máxima ata 700 euros, que rematou coa publicación da aprobación definitiva no BOP de Lugo en data 10 de novembro de 2020,

En data 09 de novembro de 2020 , n.º RE 481 , se presenta por Rosana Fraga Paz , en representación da AMPA do CEIP, solicitude de subvención nominativa para levar a cabo o proxecto referido por importe de 693,45, no que se contempla a xa realizada adquisición de libros e material escolar polo importe referido.

Emitiuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a lexislación aplicable para a concesión directa de subvencións.

Coa data de hoxe realizouse a retención de crédito oportuna, figurando informe no que se acreditaba a consignación de suficiente aplicación orzamentaria nos Orzamentos , así como informe de fiscalización favorable.

Considérase que o expediente 315/2020 seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, polo que en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do réxime local e artigo 62 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, RESOLVIN:

PRIMEIRO. Conceder ao AMPA CEIP Castro de Ouro de Alfoz, provisto de CIF G- 27424951 subvención nominativa por importe de 693,45 euros polo proxecto: adquisición de libros e material



Cod. Validación: 75FNNC47NMWRRHN7HR3MLT4WW | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

escolar (infantil) curso 2020/2021.

SEGUNDO. Proceder á autorización e disposición do gasto, e pagamento por un importe de 693,445 euros con cargo ao capítulo IV do vixente orzamento de gastos da Corporación , da que existe documento de Retención de Crédito RC 3206 expedido por Intervención.

TERCEIRO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención.

CUARTO.- Dése conta da presente á Base Nacional de Datos de Subvencions.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica.

Asdo. Jorge Val Diaz.



Cod. Validación: 75FNNG47NMWRRHN7HR3MLT4WW | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2